



AO REXISTRO DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

ASUNTO: NOTIFICACIÓN DO ACORDO DE CLASIFICACIÓN DE MONTES PARA A SÚA INSCRIPCIÓN NO REXISTRO MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN.

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, en sesión celebrada en data 14/02/2011, acordou a clasificación como veciñal en man común do monte denominados "Fonte" a prol dos veciños do lugar de Sante, parroquia de Laro, do concello de Silleda.

Contra a sinalada resolución formulase, en tempo e forma, por parte do promotor recurso de reposición e en data do 24/05/2011 o Xurado de Montes acordou estimar as súas pretensións no senso de modificar a cabida do monte ao advertirse un erro na resolución de data 14/02/2011 1. Dita resolución deveu firme en vía administrativa.

De conformidade co artigo 29 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de Montes Veciñais en Man Común, pola presente, acordo a inscrición do monte "Fonte", a prol dos veciños do lugar de Sante, do concello de Silleda na Sección do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común desta Xefatura Territorial, coa cabida e lindes seguintes:

CONCELLO: SILLEDA
PARROQUIA: Sto. PAIO DE REFOXO
LUGAR: SANTE (Parroquia de Laro)

NOME DO MONTE: "FONTE"

Cabida: 2,16 Has. (superficie alegada na solicitude e situada na parroquia de Refoxos Sto. Paio)

Lindes:

Norte: Concello de Silleda

Leste: Propiedade particular de Dona Manuela González Troitiño.

Sur: Propiedades particulares de Don Clemente Lázaro Otero, Dona M^a Luz Cachafeiro Couto, Don Julio Cachafeiro Couto, Don Luís Cachafeiro Couto, Don José Cela González e Don Jesús Taboada Lázaro.

Oeste: Propiedades particulares de Don Antonio Núñez Sánchez e Dona M^a Josefa Meijomence González.

Pontevedra, 16 de xaneiro de 2013

O Xefe Territorial
Presidente do Xurado

Gerardo Zugasti Enrique





O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, ditou a seguinte
RESOLUCIÓN:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gerardo Zugasti Enrique

VOCAIS

Dna. Lorena Peiteado Pérez

(Letrada do Gabinete Xurídico Territorial de Pontevedra)

D. Enrique Martínez Chamorro
(Xefe do Servizo de Montes)

D. Víctor Abelleira Argibay
(Representante colexio de avogados da provincia)

D. X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC da provincia)

SECRETARIA

Dna. Ana Belén Fernández Dopazo.

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:30 horas do día 24/05/2011, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do Edificio Administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre o **recurso de reposición** interposto por D. Pablo García García, en calidade de presidente da Xunta Promotora do monte veciñal denominado **Fonte** a prol dos veciños do lugar de Sante, do concello de Silleda, contra Resolución adoptada polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man común de Pontevedra de data do 14/02/2011

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O Xurado Provincial de Montes de Pontevedra en resolución de 14-02-2011, acorda clasificar como vecinal en man común o monte "Fonte" (Sante- Silleda).

SEGUNDO.- D. Pablo García García, Presidente da Xunta Promotora do monte en trámites de clasificación como Monte vecinal en man común de Sante, (Sante-Silleda) pesenta o 31 de marzo recurso de reposición o acordo de clasificación.

TERCEIRO.- Que no citado recurso alega un erro na cuantificación das hectáreas do monte "FONTE" que se estimaba na resolución en 21,17 hectáreas.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra é o órgano competente para resolver os recursos de reposición interpostos contra as súas resolucións, en virtude do establecido no artigo 12 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Segundo.- Proceda admitir a trámite o recurso de reposición interposto por cumprir cos requisitos esixidos polo art. 117.1 da precitada Lei.

Terceiro.- O artigo 105 ap 2 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro de 1992), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE núm. 16 do 19 de xaneiro de 1999, e BOE núm. 30, do 4 de febreiro de 1999), faculta a Administración a rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos.

En consecuencia, vistos os preceptos legais citados e demais normativa en xeral e de pertinente aplicación, e analizado o expediente e a planimetría, o instrutor propón e o **Xurado acorda** por unanimidade:

Estimar o recurso de reposición interposto por Pablo García García, contra a resolución do Xurado de Montes de data 14/02/11 no referente a cabida do monte "FONTE", e que unha vez corrixido o erro de cómputo, queda fixada en **2,16 Hectáreas**.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 109 a) e 116.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, ditou a seguinte
RESOLUCIÓN

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gerardo Zugasti Enrique

VOCAIS

D. Enrique Martínez Chamorro
(Xefe do Servizo de Montes)

D. Víctor Abelleira Argibay
(Representante colexio de avogados da
provincia)

D. X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC da provincia)

Dna. Lorena Peiteado Pérez
(Letrada da Xunta de Galicia)

**VOGAL REPRESENTANTE DOS
VECIÑOS DE SANTE (LARO)**

Dna. Verónica Rodríguez Vicente

SECRETARIA

Dna. Ana Belén Fernández Dopazo.

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:00 horas do día 14/02/11, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, réunese na 2ª planta do Edificio Administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre resolución do expediente de clasificación do monte denominado "**Fonte**" solicitado a prol dos veciños do lugar de Sante, da parroquia de Laro, do concello de Silleda.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 14/12/07, D. Pablo García García e o outros veciños da entidade singular de Sante, entidade colectiva de Laro (Sto. Salvador) municipio de Silleda, presentan unha solicitude de iniciación de clasificación de dúas parcelas comunais, denominadas "*Campazo*" e "*Fonte*".

O 10/01/08 o secretario do Xurado de MVMC infórmalles que unha vez revisada a documentación aportada para a clasificación das dúas parcelas é necesario aportar nova documentación de carácter técnico e histórica que podan reunir, e di textualmente: "... *canta documentación histórica que poidan reunir referente ós montes na que se fundamente a súa pretensión e na que se aprecie algún indicio de que ditos montes veñen sendo aproveitados en man común...*", para poder seguir co expediente.

O 18/04/08 D. Pablo García García na súa condición de presidente da xunta promotora do monte en trámites de clasificación como veciñal en man común de Sante, indica que tras requirimento do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común (MVMC) e os efectos aclaratorios dos mesmos achega planos e levantamento topográfico da superficie a clasificar como MVMC de Sante e demais documentación.



O 21/08/08 o secretario do Xurado de MVMC indícalles que unha das parcelas (*Campazo*) atópase xa clasificada a prol dos veciños de Xubín.

O 20/11/08 D. Pablo García García na súa condición de presidente da xunta promotora do monte en trámites de clasificación como veciñal en man común de Sante, aporta a efectos aclaratorios dos mesmos aporta nova memoria descritiva, planos e levantamento topográfico da superficie a clasificar como MVMC de Sante.

O 12/02/09 o xefe do servizo de montes indica en nota interior a secretaria do Xurado de MVMC que da nova documentación **desprendese que os promotores so solicitan a parcela denominada "Fonte"**.

SEGUNDO.- O Xurado Provincial de Montes en Man Común acordou, na súa sesión de 26/11/09, incoar o correspondente expediente de clasificación do monte a prol dos veciños do lugar de Sante, parroquia de Laro, concello de Silleda.

O 30/11/09 solicita o servizo de montes a elaboración do informe preceptivo conforme o artigo 20 do Decreto 260/1992 do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

TERCEIRO.- A Rexistradora da Propiedade de Lalín certifica que a parcela denominada "Fonte" non figura inscrita no Rexistro da Propiedade polo Concello de Silleda.

CUARTO.- Á vista da documentación aportada polo solicitante e o informe do Servizo de Montes, o paraxe obxecto do presente expediente, obedece á seguinte descrición:

CONCELLO: SILLEDA
PARROQUIA: Sto. PAIO DE REFOXO
LUGAR: SANTE (Parroquia de Laro)

NOME DO MONTE: "FONTE"

Cabida: ^{21,17 Ha} 21,17 Has. (superficie alegada na solicitude e situada na parroquia de Refoxos Sto. Paio)

Lindes:

Norte: Concello de Silleda

Leste: Propiedade particular de Dona Manuela González Troitiño.

Sur: Propiedades particulares de Don Clemente Lázaro Otero, Dona M^a Luz Cachafeiro Couto, Don Julio Cachafeiro Couto, Don Luís Cachafeiro Couto, Don José Cela González e Don Jesús Taboada Lázaro.

Oeste: Propiedades particulares de Don Antonio Núñez Sánchez e Dona M^a Josefa Meijomence González.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro compre entender por montes veciñais en man común *"... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños"*.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.- Por outra banda, de conformidade co artigo 5 da Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes, **considerase monte** : *" todo terreno en el que vegetan especies forestales arbóreas, arbustivas, de matorral o herbáceas, sea espontáneamente o procedan de siembra o plantación, que cumplan o puedan cumplir funciones ambientales, protectoras, productoras, culturales, paisajísticas o recreativas.*

Tienen también la consideración de monte:

- a. *Los terrenos yermos, roquedos y arenales.*
- b. *Las construcciones e infraestructuras destinadas al servicio del monte en el que se ubican.*
- c. *Los terrenos agrícolas abandonados que cumplan las condiciones y plazos que determine la comunidad autónoma, y siempre que hayan adquirido signos inequívocos de su estado forestal.*
- d. *Todo terreno que, sin reunir las características descritas anteriormente, se adscriba a la finalidad de ser repoblado o transformado al uso forestal, de conformidad con la normativa aplicable.*
- e. *Los enclaves forestales en terrenos agrícolas con la superficie mínima determinada por la Comunidad Autónoma."*

E non se consideran monte:

- f. *Los terrenos dedicados al cultivo agrícola.*
- g. *Los terrenos urbanos y aquellos otros que excluya la comunidad autónoma en su normativa forestal y urbanística.*

Cuarto.- De conformidade coa lexislación autonómica e en concreto co artigo 32.2.b) da Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia os **solo rústico de protección forestal**, están constituídos polos terreos destinados a explotacións forestais e os que sustenten



masas arbóreas que deban ser protexidas por cumprir funcións ecolóxicas, produtivas, paisaxísticas, recreativas ou de protección do solo, e igualmente por aqueles terreos de monte que, aínda cando non sustenten masas arbóreas, deban ser protexidos por cumprir as ditas funcións e, en todo caso, polas áreas arbóreas formadas por especies autóctonas, así como aquelas que sufrisen os efectos dun incendio a partir da entrada en vigor desta lei ou nos cinco anos anteriores a ela..."

E considerando tamén, o artigo 2 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, considerase **monte**: "...todo terreo no que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente ou procedentes de sementa ou plantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas ou recreativas. Teñen tamén a consideración de monte o terreo forestal os demais terreos descritos no artigo 5 da Lei 43/2003, de 21 de novembro, de montes.

Non terán a consideración de monte ou terreo forestal os terreos dedicados ao cultivo agrícola, o chan urbano, os núcleos rurais e o chan urbanizable delimitado, incluíndo a canle e a zona de dominio público hidráulico destes chans, e os excluídos pola normativa vixente, así como os terreos rústicos de protección agropecuaria."

CONCLUSIONES DA INVESTIGACIÓN

Primeiro.- Que a Xunta Promotora decide o 4/12/07 solicitar a iniciación de clasificación de dúas parcelas comunais, denominadas "Campazo" e "Fonte". Para dito fin aporta en primeira instancia un informe técnico (data de entrada 14/12/07), un segundo informe técnico (data de entrada 18/04/08) e finalmente, un terceiro informe técnico aclaratorio (data de entrada 24/11/08) que soamente inclúe a parcela a "Fonte". Os informes so soamente de carácter técnico e non aportando ningún tipo de indicio, proba ou documentación histórica, limitándose a indicar que a parcela veñen sendo aproveitada para esquilme do gando dende tempos inmemoriais polos veciños da entidade singular mencionada anteriormente. Por outra banda, hai que facer constatar que os terreos situasen en outra parroquia (Refoxos), e aínda que este feito non impide a súa clasificación, deberíase aclarar toda vez que o monte "Campazo" que se solicitaba no primeiro e o segundo escrito esta pegado o de "Fonte", e foi clasificado en parte a Xubín parroquia de Cortegada.

Segundo.- Do informe de campo do Servizo de Montes de data 27/04/2010 desprendese: Que tratase dunha parcela que pode definirse como monte, onde medran especies de matogueira e herbáceas, e que parte de ela foi debrozada e sementada. De feito, ultimamente foi sementada para obtención de cereal por parte da "Sociedade Deportiva de Caza e Pesca de Silleda". Por último, reflíctese que preguntados os veciños de Sande: "*sempre se soubo que era de uso común e que ninguén tiña adxudicado aproveitamento a título particular*".

Terceiro.- Tendo en conta os puntos anteriores, e co fin de aclarar en maior medida a primeira das conclusións, pídese un novo informe o Distrito Forestal XVI. Do novo informe emitido o pasado 21 de decembro do 2010 destacase:



1. Que segundo as entrevistas realizadas o 2/12/2010 en Refoxos polo axente forestal da zona, e en concreto a realizada a D. Antonio Núñez Meijomence, propietario do antigo bar e panadería do lugar, e propietario tamén de terreos forestais colindantes coa parcela obxecto de clasificación. A parcela denominada "*Fonte*" foi aproveitada polos veciños de Sante dende que "*ten uso de razón*".
2. Que segundo a declaración asinada por D. Antonio Lage Dobarro, vicepresidente da "Sociedade Deportiva de Caza e Pesca de Silleda" a parcela denominada "*Fonte*" foi desbrozada e sementada nos últimos anos por dita sociedade con permiso da agrupación veciñal de Sante (Parroquia de Laro) á cal se lle presupón o aproveitamento de fai moitos anos.

En consecuencia, e tendo a documentación aportada, as testemuñas recollidas e os dous informes do Distrito XVI; e a vista da Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instrutor e de maneira unánime o Xurado **ACORDAR:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte "**Fonte**" solicitado, a prol da entidade singular de Sante (parroquia de Laro), do Concello de Silleda, de acordo coa descrición reflectida no feito cuarto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente Resolución

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

NOME DO MONTE: FONTE. Escala 1:5.000

561.020,38 (ED-50)
560.895,24 (ETRS-89)

4.722.202,66 (ED-50)
4.721.988,19 (ETRS-89)



4.721.631,73 (ED-50)
4.721.417,26 (ETRS-89)



561.020,38 (ED-50)
560.895,24 (ETRS-89)

561.838,96 (ED-50)
561.713,83 (ETRS-89)

4.722.202,66 (ED-50)
4.721.988,19 (ETRS-89)

4.721.631,73 (ED-50)
4.721.417,26 (ETRS-89)

561.838,96 (ED-50)
561.713,83 (ETRS-89)



Este plano realizouse seguindo as indicacións do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra.

É tal e como di a resolución: "(...) CLASIFICAR (...) de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito cuarto".



Marzo-2.010
ESCALA : 1/5.000

Nº de plano:
1 de 1.

NOME DO MONTE: FONTE, SUPERFICIE= Ver resolución do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra.
ENTIDADE SINGULAR DE SANTE. CONCELLO DE SSILLEDA.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA